

INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN

CICLO ACADÉMICO
2013/14 - 2018/19

ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO UNIVERSIDADE DE VIGO

1. DATOS DO PROGRAMA	
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	Programa de Doutoramento en Comunicación
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVA	Universidade de Vigo
EN CASO DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	
CENTRO/ESCOLA RESPONSABLE	Escola Internacional de Doutoramento
CENTRO/S PARTICIPANTES	Facultade de Filoloxía e Tradución Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
CÓDIGOS ISCED	2, 22, 222, 223, 213, 32, 312, 329, 321, 342
CURSO DE IMPLANTACIÓN	2013-2014
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	25/09/2013
DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	

Validado pola Comisión de Calidade da EIDO da Universidade de Vigo o día 23 de outubro de 2020

Aprobado pola CAPD do programa o día 15 de outubro de 2020

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: O programa de doutoramento implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada e, no seu caso, nas súas respectivas modificacións.

1.1.- O programa mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina e dos avances científicos e tecnolóxicos. Os cambios introducidos no programa e que non se someteran a modificación non alteran o nivel 4 do MECES e permitiron a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina.

Aspectos a valorar:

- O perfil de egreso do programa mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito, tendo en conta os avances científicos e tecnolóxicos da disciplina.
- Imbricación do programa na estratexia de I+D+i da Universidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os estudos universitarios de posgrao contribúen de xeito significativa ao desenvolvemento científico, social e económico de Galicia, pola profundidade dos seus contidos e a seriedade do seu deseño, e deles depende a formación dos futuros docentes universitarios, investigadores e profesionais dos diferentes eidos científicos e sociais.

Como xa se indicaba na memoria do título, isto é especialmente importante no eido científico da Comunicación, que atinxe a unha das principais capacidades do ser humano e que representa unha das actividades básicas de calquera sociedade. O programa de Doutoramento en Comunicación naceu co obxectivo de dar resposta ás seguintes necesidades:

- Formar novos investigadores, con capacidade para analizar con rigor científico e a partir de enfoques interdisciplinares, os fenómenos e problemas característicos dunha sociedade na que a Comunicación, nas súas distintas modalidades, desenvolve un papel cada vez máis relevante.
- Impulsar a formación de novos docentes nas diferentes disciplinas relacionadas co espazo científico da Comunicación e as súas diferentes codificacións académicas.
- Integrar os futuros investigadores en equipos e liñas de traballo cunha sólida traxectoria científica e relevancia pública, a través de proxectos de investigación.
- Perfeccionar o desenvolvemento profesional, científico e técnico das persoas que finalizan os seus estudos de grao, licenciatura e mestrado e que estivesen interesadas neste amplios e importantes campos de investigación.

Como demostran os indicadores de demanda e matrícula no programa, das 20 prazas ofertadas anualmente entre os cursos 2013-14 e 2018-19, cubriuse practicamente o cento por cento da oferta, o que demostra que o programa segue a ser relevante e atraente para o estudantado. Doutra banda, cómpre destacar que segue sen existir na Comunidade Autónoma de Galicia ningún outro programa de oferta equivalente nin no que atinxe ao seu carácter interdisciplinar nin respecto á amplitude das súas liñas de investigación dentro do eido da Comunicación. O número de alumnos que cada ano recibimos de Portugal (así como a recente matrícula nos últimos anos de varios alumnos procedentes doutros países) demostran que a escaseza de programas similares é tamén unha realidade fóra das nosas fronteiras. (Ref. EPD3)

Canto á actualización do perfil de egreso, a traxectoria investigadora do equipo integrante do programa, reflectida no número de proxectos de investigación desenvolvidos e en curso nestes últimos anos, resulta un indicador da actualidade do programa e da súa relevancia dentro da estratexia de I+D+I da Universidade de Vigo e da Estratexia de Especialización Intelixente RiS3 de Galicia. Non cabe dúbida que un programa que aposte pola investigación en Comunicación constitúe un eixo fundamental de calquera estratexia de especialización da investigación e o desenvolvemento da nosa comunidade. O papel da comunicación organizacional e as relacións públicas e o estudo e desenvolvemento da comunicación e a tradución especializadas, por citar só dúas das liñas de investigación do programa, son elementos clave en calquera estratexia de desenvolvemento, visibilización e competitividade das nosas empresas tanto en España como alén das nosas fronteiras. Así mesmo, o crecemento experimentado na última década polas tecnoloxías da comunicación

e do ocio multimedia converten as liñas de investigación de tradución multimedia e comunicación virtual, ciberperiodismo e tecnoloxías da tradución nun elemento básico para garantir que a nosa universidade e a nosa comunidade autónoma non queden atrás nestes eidos. (Ref. IPD22 e IPD20)

Cómpre por último facer un apuntamento sobre o esforzo realizado dentro do programa para o estudo e desenvolvemento da aplicación das novas tecnoloxías para a redución das barreiras de comunicación das persoas discapacitadas e con necesidades especiais. Este esforzo artículase principalmente a través do desenvolvemento de proxectos de investigación de alcance autonómico, estatal e europeo para o fomento da accesibilidade aos produtos e servizos multimedia, un obxectivo que debe estar na base de calquera estratexia de I+D+I deseñada dende os principios da igualdade. O programa alíñase coa estratexia de I+D+i da universidade, e coa estratexia española e europea de I+D+i.

1.2.- O programa dispón de mecanismos para garantir que o perfil de ingreso dos doutorandos é axeitado e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación do programa e o número de prazas ofertadas.

Aspectos a valorar:


- O perfil de ingreso dos doutorandos e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación.

Os gráficos presentados a continuación amosan a distribución do alumnado do programa por liñas de investigación, cuxos códigos se explican na táboa seguinte.

CÓDIGO LIÑA	LIÑA DE INVESTIGACIÓN
D013P06L01	Comunicación virtual, ciberxornalismo e tecnoloxía da tradución
D013P06L02	Tradución e comunicación especializada
D013P06L03	Tradución multimedia
D013P06L04	Literatura, lingüística e tradución
D013P06L05	Socioloxías da tradución e a comunicación; aproximacións cualitativas e técnicas de análise cuantitativa
D013P06L06	Teoría e historia da comunicación. Comunicación de servizo público
D013P06L07	Comunicación organizacional e relación públicas

Na gráfica que figura máis abaixo resúmese a información sobre a distribución do alumnado segundo a liña de investigación elixida. (Ref. EPD3)

Distribución do alumnado por liña de inv. elixida



Excepto para o curso 2018-19, os datos presentados son acumulativos, de xeito que se inclúe en cada curso académico aos doutorandos/as de primeiro ano e posteriores. No primeiro curso de funcionamento (2013/2014) a liña D013P06L01 foi a máis demandada, polo que ese grupo continuou tendo peso significativo nos anos seguintes. Non obstante, esta tendencia foi mudando cara ao incremento doutras liñas (D013P06L01, D013P06L05 e D013P06L07). Nas restantes liñas (D013P06L02, D013P06L03 e D013P06L04) tería sentido facer un reagrupamento, cara á unión de recursos e a busca de estratexias conxuntas de investigación. A gráfica seguinte presenta os datos resultantes do reagrupamento, na que se observa que cada liña contaría cunha porcentaxe entre o 10% e o 30% do alumnado matriculado cada curso académico. (Ref IPD3, IPD4, IPD5, IPD6, IPD7 e IPD8)

1.3.- O programa dispón de mecanismos axeitados de supervisión dos doutorandos e, se procede, das actividades formativas.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de supervisión dos doutorandos son axeitados e correspóndese co establecido na memoria de verificación (asignación do titor e director de teses, control do documento de actividades do doutorando, valoración anual do plan de investigación, normativa de lectura de teses... e todos aqueles que a Comisión Académica do programa teña establecido).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O programa cumpre en todos os seus aspectos o establecido na memoria de cara a unha axeitada supervisión dos doutorandos e das súas actividades formativas. Cada alumno conta cun titor que lle axudará durante o primeiro trimestre do primeiro curso, particularmente nas cuestións administrativas e académicas. Ademais cada estudante fará unha proposta de director, que logo é revisada e aprobada pola CAPD, que supervisará a súa actividade investigadora cara á realización da tese doutoral, así como as tarefas e actividades implicadas neste proceso. Os titores na primeira fase, e logo os directores, darán aos doutorandos a orientación necesaria sobre as accións formativas que deben desenvolver. Paralelamente, existe un sistema de coordinación de cursos, organizado a través de espazos de coordinación da plataforma de teledocencia faitic e xestionado polo equipo de coordinación do programa (principalmente coordinadora e secretaria da CAPD) coa axuda nalgúns casos de titores de curso. Faise un seguimento da asistencia do alumnado ás actividades presenciais, a través do control da propia asistencia, e das actividades virtuais a través de entregas de exercicios e encomendas específicas. Cada ano, os alumnos deben participar nunha serie de actividades que se detallan na táboa recollida a continuación.

	Septiembre	Octubre-Diciembre	Enero	Febrero-Mayo	Mayo	Junio	Julio	
PRIMER AÑO	Admisión y matrícula. Asignación de tutor/a	AF Seminarios presentación líneas de investigación	Presentación y evaluación de proyectos de tesis. Asignación de director/a	AF Seminario metodología de la investigación			AF Primera presentación del Plan de Investigación y evaluación de actividades	AF Iniciación a la Investigación
SEGUNDO AÑO	Matrícula			AF Seminario permanente de investigación		AF Segunda presentación del Plan de Investigación y evaluación de actividades	AF Jornadas de doctorandas/os	
TERCER AÑO	Matrícula				AF Tercera presentación del Plan de Investigación y evaluación de actividades		Depósito de la tesis o Admisión de solicitudes de prórroga, si procede	
CUARTO AÑO	Defensa de la tesis o matrícula con Prórroga	Continuación con prórroga o Incorporación al programa de seguimiento de egresados						

De entre as actividades consignadas na táboa anterior, resulta de especial relevancia a presentación do plan de investigación e de actividades. Trátase dunha actividade na que o doutorando debe presentar ante un tribunal de tres persoas a evolución do seu traballo investigador no último ano, así como as actividades realizadas durante ese mesmo período. Isto permite facer un seguimento anual da evolución da investigación do doutorando e obriga a este a manter a seguir dentro duns mínimos a planificación temporal prevista no seu plan de investigación inicial. Resulta tamén moi produtiva a participación dos estudantes na actividade denominada Xornadas de doutorandos, na que teñen que presentar unha comunicación orientada polo seu director e implicarse nas tarefas de organización e coordinación das propias xornadas. Isto permite, por unha banda, iniciar ao doutorando na planificación e redacción de estudos de investigación de tipo artigo/comunicación, atendendo á súa macroestrutura específica e diferenciada dunha tese de maior envergadura, e por outra fomentar a interacción entre o estudantado do programa para promover o intercambio de ideas e a interdisciplinariedade.

Seguidamente faise unha descrición máis pormenorizada das actividades formativas do programa:

1) Seminarios de presentación de liñas de investigación: Dirixidos ao alumnado do 1º ano e organizados polo equipo de coordinación do programa (coordinador/a e secretaria) e polo titor do primeiro ano

Teñen lugar cada curso académico no mes de novembro. Nesta actividade presencial dáselle a benvinda ao alumnado do primeiro ano, faise a presentación do propio programa (características, equipo humano, actividades formativas e recursos dispoñibles, así como procesos e normas da propia Universidade) e se organizan distintas sesións para dar a coñecer as sete liñas de investigación, coa participación do profesorado do programa das diferentes liñas. Coa listaxe de alumnado, os relatores de cada sesión (profesorado) encárgase do control das asistencias a propia sesión. A información exposta neste seminario ponse á disposición do alumnado na plataforma de teledocencia faitic, xunto co horario de titorías de cada profesor, para que poidan facer todas as consultas e entrevistas necesarias durante os meses de novembro e decembro, cara a elección da súa liña definitiva de investigación e a elaboración da súa proposta de director, que enviarán a CAPD para a súa revisión e aprobación.

2) Asignación de director: Tarefa dirixida ao alumnado do 1º ano.

Cada ano, a CAPD revisa e somete a aprobación as propostas de directores remitidas polo alumnado. A previsión é ter esta asignación feita no mes de xaneiro de cada curso, se ben no programa de doutoramento tratouse de adiantala cando foi posible, xa que a supervisión do director é necesaria para a elaboración do plan de investigación, que determina o proxecto de investigación que desenvolverá cada estudante. Esta asignación pódese revisar nese curso académico e seguintes. Isto tense feito en diversos casos, para a incorporación dun codirector que complemente a orientación dalgunha parte da investigación na que se observaran carencias. A incorporación do codirector solicítase ao doutorando á CAPD, co informe favorable do director, e sométese a aprobación da CAPD. Tanto os directores como os codirectores deben cumprir os requisitos da Universidade de Vigo para esta labor.

3) Presentación e avaliación dos proxectos de tese: Actividade dirixida ao alumnado do 1º ano.

Coa supervisión do director, cada estudante elabora o seu plan de investigación (proxecto de tese) no que detalla o contido, metodoloxía, referencias, recursos e planificación temporal, entre outros aspectos. A Universidade de Vigo establece que o alumnado elabore o plan a través dunha plataforma denominada Secretaría Virtual, se ben non existe un manual de uso da referida plataforma, nin para este proceso nin para ningún outro, polo que require o apoio do equipo de coordinación e do profesorado do programa para poder levalo a cabo. Unha vez cumprimentado o plan nesta plataforma, debe revisalo o director e, cando conta co seu informe favorable, sométese á aprobación da CAPD. Nesta fase tense detectado nalgúns ocasións a necesidade de incorporación dun codirector, para o que se procede como se indicaba no punto 2 anterior.

O plan de investigación é de grande importancia para o alumnado, xa que marca o inicio do seu percorrido investigador, ademais de que a súa aprobación é un requisito para optar a determinadas becas predoutorais (Xunta, Ministerio, etc.), polo que é básico rematar todo este proceso no mes de xaneiro, incluíndo se é posible a incorporación

de codirector, de ser o caso.

4) Seminario de metodoloxía da investigación. Dirixido ao alumnado do 1º ano e organizada polo equipo de coordinación do programa (coordinador/a e secretaria).

Este seminario consta de varias actividades nas que se trata de abarcar tres tipos de contidos ligados coa investigación: localización e xestión da información científica, metodoloxía cuantitativa e metodoloxía cualitativa.

A primeira actividade que se desenvolve é un curso sobre Información Científica, co apoio do persoal da Biblioteca da Uvigo, no que se traballa a busca e xestión de bibliografía, así como o propio proceso de publicación. No primeiro curso (2013/2014) impartíuse esta actividade de xeito presencial nos meses de febreiro e marzo, co apoio dos recursos e material proporcionados polo persoal da Biblioteca da Uvigo. Na enquisa realizada os alumnos ao finalizar este curso, suxeriron o seu adianto cara o principio do curso, xa que lles tería axudado na elaboración do proxecto de tese e nas primeiras fases da investigación. Por iso, nos cursos seguintes realizouse de forma non presencial e foi adiantándose, de xeito que actualmente comeza no mes de novembro. Na plataforma de teleformación faitic ponse á disposición do alumnado o material por módulos e o cronograma para o seu seguimento, e se conta co apoio da organización para a resolución das dúbidas e corrección das tarefas. Aínda que se adiantou o comezo desta actividade sobre as datas previstas no cronograma, non é unha limitación para o alumnado, xa que pode acceder ao longo de todo o curso o material online de formación e as tarefas que debe realizar.

Dentro deste seminario organizáronse outras actividades formativas, para as que se contou con diversos expertos doutras Universidades, que impartiron cursos presenciais de metodoloxía cualitativa (Josep Marco o Jaume Soriano) e cuantitativa (David Urchaga). Estas sesións foron gravadas polo equipo de Uvigo-TV e actualmente constitúen actividades online do programa. Así, nos meses de febreiro e marzo, o alumnado debe visionar estas gravacións e realizar as tarefas indicadas, que son supervisadas e corrixis polo equipo de coordinación do programa.

5) Seminario permanente de investigación: Dirixido ao alumnado do 2º ano e organizada polo equipo de coordinación do programa (coordinador/a e secretaria).

Este seminario é de carácter máis práctico e nel faise fincapé na presentación de investigacións xa rematadas. Nas dúas primeiras edicións participaron de forma presencial os expertos doutras Universidades (Josep Marco, Jaume Soriano e David Urchaga). Estas sesións foron tamén gravadas polo equipo de Uvigo-TV, de xeito que agora constitúen o material para a realización online desta actividade, que tamén ten lugar nos meses de febreiro e marzo. De novo o alumnado debe visionar as gravacións e realizar as tarefas indicadas, que son supervisadas e corrixis polo equipo de coordinación do programa.

6) Xornadas de doutorandos: Dirixido ao alumnado do 3º ano e organizada polo equipo de coordinación, coa colaboración dos titores dos tres anos, doutros profesores do programa e dos doutorandos participantes.

Trátase dunha acción formativa, a modo de Congreso, na que se trata de que o alumnado aprenda como funcionan este tipo de eventos e desenvolva distintos roles, como organizador e como relator. Entre as tarefas de organización figuran a recepción dos participantes e o control de asistencias, así como a presentación dos relatores e a moderación das sesións. Ademais, cada doutorando presentará unha comunicación relacionada co seu proxecto de tese e deberá elaborar unha versión final deste traballo, cara a súa publicación nas Actas das Xornadas, que cumpra as normas establecidas polo equipo organizador. Cada curso académico, a partir da implantación do 3º ano do programa, realizáronse estas Xornadas no mes de xullo e elaboráronse as Actas, que foron publicadas a modo de monografía, con ISBN e depósito legal, co apoio para a súa edición do Servicio de Publicacións da Uvigo. Nas tres edicións que tiveron lugar nos cursos 2014/2015, 2015/2016 e 2016/2017 presentáronse un total de 34 traballos dos doutorandos.

7) Presentación do plan de investigación e avaliación de actividades: Dirixidos a todo o alumnado do 3º ano e organizados polo equipo de coordinación, coa colaboración doutros profesores do programa.

Cada curso académico, os doutorandos dos diferentes anos realizan esta actividade de forma individual ante un tribunal formado por tres doutores do programa. Para os alumnos do primeiro ano ten lugar no mes de xullo e nesta actividade presentan o plan de investigación proposto, para dar constancia da súa viabilidade, e tamén indican as

accións formativas nas que teñen participado nese curso académico, que en xeral se restrinxen as actividades propias do programa. O alumnado de segundo ano realiza esta actividade no mes de xuño e nela da conta dos avances no seu proxecto de tese, ademais de presentar as actividades formativas desenvolvidas, propias do programa e externas. Para os doutorandos de terceiro ano e posteriores, esta avaliación realízase no mes de maio e deben informar do traballo levado a cabo cara a finalización da súa tese doutoral ou para solicitar a prórroga do prazo dispoñible. O tribunal encargado elabora un acta para avaliar a presentación de cada doutorando, na que fan constar as observacións e recomendación feitas e a súa valoración (Apto, Non Apto ou Non presentado).

8) Iniciación á investigación: Dirixida ao alumnado do 2º e 3º anos

Para completar as actividades requiridas polo programa de doutoramento, o alumnado debe realizar unha actividade externa ao programa entre o 2º ano e o 3º, para o que conta coa supervisión do seu director. Pode elixir entre as seguintes opcións: realización dunha estadía de investigación (coa duración mínima recomendada de 3 meses), a presentación dunha comunicación nun congreso ou a publicación dun traballo nunha revista ou editorial especializada.

As actividades 1-8 indicadas anteriormente son obrigatorias para os alumnos do programa, de xeito que teñen que completar e superar todas elas como requisito previo á solicitude de admisión a trámite da súa tese. Cada curso académico, os alumnos poden incorporar as actividades realizadas no seu Documento de Actividades, a través da plataforma denominada Secretaría Virtual. A CAPD é o órgano encargado da aprobación do Documento de Actividades de cada estudante, para o que revisa os rexistros, actas e outra información dispoñible, ademais de contar co informe do director encargado en cada caso.

Por outra parte, no programa de doutoramento deseñáronse outras accións, orientadas á elaboración de publicacións cos traballos dos doutorandos do programa, do propio profesorado e das persoas expertas invitadas a colaborar nestas actividades. A participación foi voluntaria e lle deu ao alumnado a oportunidade de afrontar o proceso de elaboración dun traballo e posterior revisión, cara a súa publicación nunha editorial especializada, contribuíndo ademais a difusión da súa propia investigación. Ata o momento presente, realizáronse tres monografías, que dispoñen de números de ISBN e depósito legal e que se publicaron coas seguintes editoriais: Comares (2014), Octaedro (2015) e Peter Lang (2017). Todas elas foron coordinadas por profesorado do programa e contaron coa axuda de expertos doutras institucións para o proceso de revisión.

Así mesmo, o programa observa estritamente todos os requisitos establecidos pola Escola Internacional de Doutoramento para a solicitude das prórrogas e para a admisión á trámite das teses, no que tanto respecta á verificación de todas as actividades formativas propias e externas desenvolvidas polo doutorando (aprobadas sempre en tempo e fora pola CAPD) como á aprobación da defensa da tese e do tribunal proposto para a citada defensa.

1.4.- Garántese unha adecuada coordinación no caso dos programas interuniversitarios e as colaboracións previstas na memoria desenvolvéronse adecuadamente.

Aspectos a valorar:

- O funcionamento dos mecanismos de coordinación entre as universidades que imparten o programa.
- Repercusión no programa das colaboracións con outras institucións, organismos ou centros, se se acadou o obxectivo establecido nas ditas colaboracións.


Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

N/A

1.5.- A institución dá resposta ás posibles recomendacións realizadas no Informe de verificación e no seu caso nos posibles informes de modificacións, así como ás que puideran conter os sucesivos informes de seguimento.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O informe de verificación final do título incluía tres recomendacións, relativas ás actividades formativas, ao número de proxectos de investigación e a recursos humanos. Concretamente, recomendábase fomentar as actividades de mobilidade entre os doutorandos. Para impulsar a mobilidade, promóvese a realización de teses con mención internacional, que esixen estadias fóra do noso país (así sucedeu coas teses xa presentadas, das que catro acadaron esta mención pero tamén con algunhas das teses que están en curso, nas que os doutorandos xa teñen realizado a súa estadia ou están tramitando a súa realización). Ademais, a CAPD promove directamente a mobilidade coa concesión de bolsas do seu propio orzamento (cfr. Información recollida no criterio 5.1). Así mesmo, recomendábase incentivar a dirección de teses en áreas cun histórico de teses dirixidas inferior á media do resto de profesorado así como incrementar o nivel científico das publicacións resultantes. Nos poucos anos que o programa leva implantado, aumentou o número de profesores participantes no mesmo que xa teñen teses dirixidas e tamén o número de profesores que están a dirixir teses en liñas pouco atendidas no momento da verificación, como se resume na gráfica seguinte que amosa a evolución entre 2013-14 e 2018-19.



En efecto, o programa constitúe un mecanismo en si mesmo para fomentar a dirección de teses por parte do profesorado do programa. Por último, o informe de verificación final recomendaba incrementar o número de proxectos de investigación relacionados coas distintas liñas vinculadas ao programa. Como se pode observar no Anexo 5, táboa 2, e como se menciona expresamente no criterio 4.1 de recursos humanos, a captación de fondos a través de proxectos de investigación experimentou un notable incremento dende a data de verificación, diversificándose tamén o número de liñas relacionadas cos devanditos proxectos. O PD realizou un informe de seguimento no ano 2018, que foi enviado a ACSUG.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD1: Memoria vixente

EPD2: Informes de verificación e, se procede, de modificación, seguimento e renovación da acreditación, incluíndo os plans de mellora

EPD3: Informe/Acta onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso

EPD4: Evidencias da realización das actividades formativas e sistemas de control realizados, de acordo coa planificación establecida

EPD5: Informe de avaliación anual da Comisión Académica (seguimento)/Documento de actividades de cada estudante, onde se indiquen as actividades realizadas por cada doutorando (acreditación)

EPD6: Informe de complementos de formación específicos

EPD7: No caso de programas interuniversitarios, evidencias de coordinación entre universidades participantes

EPD8: Convenios de colaboración en vigor

EPD9: Informes sobre actividades realizadas con institucións coas que o programa de doutoramento tivo colaboracións (con ou sen convenio)

EPD10: No seu caso, evidencias de participación do programa en redes internacionais

Indicadores:

IPD1: Número de prazas ofertadas

IPD2: Demanda

IPD3: Número de estudantes matriculados/as de novo ingreso (indicar o número de estudantes que proceden de programas de doutoramento en extinción)

IPD4: Número total de estudantes matriculados (no caso dos programas interuniversitarios, desagregado por universidade participante)

IPD5: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster doutras universidades

IPD6: Porcentaxe de estudantes estranxeiros (de fóra de España) sobre o total de matriculados

IPD7: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiren complementos formativos

IPD8: Porcentaxe de estudantes matriculados segundo a dedicación (tempo completo, tempo parcial e mixto)

IPD9: Porcentaxe de estudantes que realizan estancias de investigación autorizadas como tales pola Comisión Académica (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD10: Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD11: Porcentaxe de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta...)

IPD12: Porcentaxe de estudantes segundo perfil de ingreso

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características e os resultados do programa de doutoramento e dos procesos de xestión que garanten a súa calidade.

2.1.- A institución publica información obxectiva, completa e actualizada sobre o programa de doutoramento, as súas características, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o programa é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do programa e as súas posteriores modificacións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Universidade publica información sobre todos os programas de doutoramento de xeito centralizado na dirección eido.uvigo.es, así como do resto das súas titulacións. Neste senso, no portal da Universidade actualízase diariamente a páxina de cada programa a partir dos datos do servidor académico, mostrando a a información mais importante do programa, a memoria, as teses dirixidas, as liñas de investigación e os complementos formativos, entre outros datos. E no Portal de Transparencia da Universidade de Vigo (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/22>) publícase información sobre o resultado alcanzado polos programas.

Particularmente, este Programa de doutoramento ten con una páxina WEB propia (<http://comunitrad.webs.uvigo.es/gl/>) na que se mostra toda a información relevante do programa de doutoramento, tanto para el alumnado xa matriculado, como para os posibles interesados en matricularse, e na que se publica as novidades e as actividades vencelladas ao programa.

O Programa dispón dunha páxina web actualizada e completa que contén toda a información sobre as características os resultados do Programa de Doutoramento en Comunicación, así como dos procesos que garantan a súa calidade de acordo ó recollido na memoria de verificación. Asemade, garante un fácil acceso (na meirande parte dos casos nun ou como máximo dous clics) a toda a información relevante do programa. A información sobre o proceso de acceso e admisión ó Programa pódese atopar na mesma web onde se recollen os requisitos xerais de acceso a calquera programa de doutoramento, así como os criterios xerais e específicos de admisión no Programa de Doutoramento en Comunicación.

2.2.- A institución garante un fácil acceso á información relevante de programa de doutoramento a todos os grupos de interese.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do programa a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todos os grupos de interese teñen acceso á información relevante, a través da información que proporciona a Universidade fundamentalmente pola páxina WEB (eido.uvigo.es), na que se pode atopar acceso á matrícula, á información académica, ás bolsas, á calidade, ás teses depositadas e as aprobadas para a súa defensa, aos premios extraordinarios de doutoramento e aos formularios para presentar as teses, para homologacións, altas e baixas de profesores do programa, etc.

Pero tamén a través da WEB propia do programa e a través do correo electrónico e o teléfono, os responsables do programa e o persoal administrativo de apoio dan información pormenorizada tanto o alumnado actual como aos posibles candidatos ao acceso ao programa.

2.3.- A institución fai público o SGC no que se enmarca o programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do SGC no que se enmarca o programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante sobre o sistema de garantía de calidade (SGC) do programa vai estar organizada de xeito centralizado na web da EIDO, na ligazón eido.uvigo.gal

Esta organización é o resultado dun proceso de redeseño da web institucional da Universidade de Vigo en 2019, que inclúe tamén un novo redeseño para a web da Eido.

Os contidos relacionados coa calidade na Eido, na dita web, están en fase de execución, de xeito que se combina información centralizada con información específica na web do programa. A estrutura centralizada conterá información acerca de:

- A documentación do SGC: o manual de calidade, que inclúe a política e os obxectivos de calidade, e os procedementos.
A día de hoxe pódese acceder ao manual de calidade (enviado á ACSUG para a súa aprobación) e ás propostas de procedementos xa elaboradas.
- A información relacionada cos programas de calidade que compoñen o ciclo de mellora do programa (VSMA: verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación).
- A documentación relacionada cos órganos responsables do SGIC (principalmente, as actas da comisión de calidade da EIDO e os seus acordos).

A día de hoxe pódese consultar a actas da Comisión de Calidade da EIDO.

- Outra información relacionada cos resultados do programa.

A Universidade de Vigo ten centralizada unha boa parte da información institucional no Portal de Transparencia, ao que se pode acceder directamente e en aberto desde a súa web principal, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/>. Este portal garante un fácil acceso á información específica dos resultados dos indicadores dos programas de calidade da titulación, dispoñible no Portal de Transparencia / UVigo en cifras, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/grupo/5>

En relación con isto, a acción do Criterio 2.3 – Desenvolver a estrutura de calidade da web da Eido, do plan de mellora adxunto, considérase pechada.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD11: Web da institución/programa

EPD12: Documentación derivada dos procesos do SGC sobre información pública, recollida de información e rendemento de contas (informes varios, plan operativo de información pública...)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: A institución dispón dun SGC formalmente establecido e implantado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua do programa de doutoramento.

3.1.- O SGC implantado facilita os procesos de deseño e aprobación do programa de doutoramento, o seu seguimento, as modificacións e a renovación da acreditación.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo dende o SGC permiten introducir modificacións para a mellora do programa.
- O seguimento das melloras do programa confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos propostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:Deseño e desenvolvemento do SGC:

O sistema de garantía de calidade do programa enmárcase dentro do SGC da Escola Internacional de Doutoramento (Eido). O deseño deste sistema é centralizado e abarca todos os programas de doutoramento oficiais da Universidade de Vigo.

O deseño do SGC comezou a finais do ano 2016, con reunións entre as outras dúas universidades do SUG (USC e UdC) co obxecto de trazar liñas xerais comúns sobre a identificación e a organización dos procesos de funcionamento do ciclo de doutoramento, considerando as directrices do programa Fides-Audit e seguindo as recomendacións da ACSUG. Na Universidade de Vigo constituíuse un grupo de traballo arredor da Eido (dirección da Eido, secretario académico da Eido, Área de Calidade, xefe do Servizo de Estudos de Posgrao) que mantén reunións periódicas desde comezos de 2017 para desenvolver a estrutura e a documentación do SGC.

Froito deste traballo, constituíuse a Comisión de Calidade da Eido o 27.04.2017 (véxase abaixo para máis detalles) e desenvólvese a documentación dos procesos ao longo de 2017 e 2018 (véxase ficha de mellora correspondente ao criterio 3).

Unha primeira versión do Manual de Calidade da Eido (índice 00), que incluía a Política e os Obxectivos de Calidade, foi aprobada no Comité de Dirección da Eido o 18.07.2017. Este Manual incorpora, de xeito destacable:

- A presentación e estrutura académica e administrativa da Eido, de acordo co seu Regulamento de réxime interno (RRI),
- A estrutura organizativa e de responsabilidades institucionais e específicas da Eido sobre calidade (estas últimas están coordinadas no comité de dirección, dirección, comisión de calidade, coordinación de calidade e comisións académicas dos programas de doutoramento –CAPD-),
- O alcance, obxectivos xerais, directrices e marco legislativo e normativo do SGC,
- O mapa de procesos do SGC
- A política e os obxectivos de calidade

A fase de deseño do SGC rematou a finais de 2018. A Comisión de Calidade da Eido validou este deseño o día 14.12.2018 e o Comité de Dirección, máximo órgano de responsabilidade da Eido, aprobouno na súa sesión do 17.12.2018. Elaborouse unha segunda versión do Manual (índice 01), que mantén a estrutura mencionada e incorpora axustes relacionados cos procesos do SGC e coa actualización das competencias dos órganos de goberno (por mor da incorporación dun novo equipo de goberno da universidade no ano 2018)

A documentación completa do SGC (Manual de Calidade, procedementos e anexos) enviouse a ACSUG o día 20.12.2018 para ser avaliada.

O 30.07.2019 ACSUG remitiu o Informe de certificación do deseño cun resultado FAVORABLE. Destácase que este resultado converte a Eido na primeira escola de doutoramento do SUG en acadar este recoñecemento. Ademais, o informe resalta que non se detectan aspectos que deban ser obxecto dun plan de mellora, só recomendacións de mellora. En todo caso, a Eido traballa nun plan para axustar estas cuestións.

En relación con isto, a acción do Criterio 3 – Desenvolver os procedementos do SGC da Eido, do plan de mellora adxunto, considérase pechada.

Implantación do SGC:

O desenvolvemento deste procedementos está orientado a facilitar e garantir os procesos de deseño, implantación, mellora e renovación da acreditación dos programas de doutoramento asociados á Eido (o ciclo VSMA) de xeito que o obxectivo é garantir a dispoñibilidade do SGC no momento da renovación da acreditación dos programas.

Aínda que o deseño do SGC se desenvolveu ata finais do 2018, moitas das actividades descritas nos procedementos do SGC xa están en funcionamento desde fai varios anos, conforme o RD 99/2011. O seguimento piloto do 2017 e o seguimento do 2018 demostran que se levan a cabo estas actividades, que están dispoñibles os rexistros e documentos asociados a elas e que se calculan e tratan os indicadores de resultados conforme a Guía de seguimento e acreditación da ACSUG.

Os resultados dos informes da ACSUG de avaliación da verificación dos programas e do seu seguimento permiten ir axustando e corrixindo o seu funcionamento, a través de plans de mellora, cara a súa renovación da acreditación e a satisfacción dos grupos de interese.

En todo caso, podemos afirmar que a implantación sistemática e efectiva deste SGC está programada para o curso 2019/20 e seguintes. As metas definidas na política e obxectivos de calidade marcan as liñas estratéxicas que dirixirán esta implantación, en coherencia co establecido nos procedementos.

Como avance, indícase que nos meses de abril e maio de 2019 leváronse a cabo accións formativas destinadas ao persoal de administración e servizos orientadas aos programas de calidade no ciclo de doutoramento. Tamén, estanse desenvolvendo actividades e accións para implantar cada un dos procesos do SGC en relación cos grupos de interese implicados.

Estrutura documental do SGC:

A estrutura do SGC de doutoramento dá resposta a dous niveis de esixencia: os procesos institucionais e os procesos específicos dos programas de doutoramento.

-Procesos institucionais: son aqueles cuxas responsabilidades, organización e actividades teñen, sobre todo, un carácter marcadamente institucional, isto é, a súa xestión depende sobre todo dos órganos de goberno institucionais ou centralizados (Consello de Goberno, vicerreitorías, servizos e unidades centralizados...).

O seu deseño lévase a cabo, (segundo as datas indicadas na ficha de mellora), a partir da experiencia e dos procesos certificados no modelo Fides-Audit para as facultades e escolas (titulacións de grao e mestrado) e coas adaptacións oportunas adaptadas ao ciclo de doutoramento.

-Procesos específicos dos PD: son aqueles cuxas responsabilidades, organización e actividades están máis asociados ao ciclo de doutoramento e á súa relación coa innovación e a investigación.

O mapa definitivo de procesos do SGC da Eido (véxase o Manual de calidade) identifica un total de 18 procesos:

Procesos institucionais (15 procesos):

Son os seguintes (coas denominacións definitivas):

- DE-01 Estratexia e DE-02 Revisión do SGC (procesos de Dirección estratéxica)
- MC-01 Xestión de queixas, suxestións e parabéns (procesos de Xestión da calidade e mellora continua)
- XP-01 Deseño e aprobación dos programas; XP-02 Seguimento, mellora e acreditación dos programas e XP-03 Suspensión e extinción dos programas (procesos de Xestión dos programas)
- FI-02 Xestión da mobilidade (procesos de formación dos investigadores/as)
- AC-01 Admisión e AC-02 Atención ao estudantado e orientación profesional (procesos de Xestión Académica)
- XD-01 Control dos documentos e XD-02 Control dos rexistros (procesos de Xestión documental)
- IP-01 Información pública e rendemento de contas (proceso de Información pública)
- PE-01 Xestión do persoal de apoio e PE-02 Xestión do persoal académico (procesos de Xestión do persoal)
- IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos (proceso de Xestión da infraestrutura).

Procesos específicos (3 procesos):

- MC-02 Medición da satisfacción (procesos de Xestión da calidade e mellora continua)
- FI-01 Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos/as e FI-03 Autorización e defensa da tese (procesos de Formación dos investigadores/as)

A documentación completa do SGC (Manual de Calidade coa Política e Obxectivos de Calidade, os procedementos e os anexos) pode atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>

Comisión de Calidade da Eido:

A Comisión de Calidade da Eido constitúese o día 27.04.2017 coa estrutura prevista no Manual de Calidade. Tamén se nomeou o coordinador de calidade da Eido.

En 30 de outubro de 2019 creouse o cargo de subdirector da Eido, que asume tamén a coordinación de calidade.

A Comisión de Calidade é un órgano clave nos procesos de calidade da Eido, e leva a cabo a funcións previstas no Manual de Calidade.

As actas da Comisión de Calidade poden atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>

3.2.- O SGC implantado garante a recollida de información e dos resultados relevantes para a toma de decisións e a xestión eficiente do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízaos para a toma de decisións e a mellora da calidade do programa, desenvólvense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento estase orientando para contar con mecanismos e procedementos que permitan:

-Establecer os resultados previstos para os programas (procedementos de *Deseño e aprobación dos programas* e de *Seguimento, mellora e acreditación dos programas*) a partir de datos históricos e/ou de estimacións futuras.

Este aspecto xa se está levando a cabo cada vez que se elabora unha nova memoria de verificación dun programa ou unha memoria verificada.

- Medir os resultados alcanzados polo programa, tanto en cada curso académico como na súa evolución, no que atinxe ao rendemento académico, satisfacción, cualificación do persoal, mobilidade, inserción laboral...(procedementos do proceso de *Formación dos/as investigadores/as, Medición da satisfacción, Xestión do persoal, Xestión de Queixas, Suxestións e Parabéns..*); analizar esta información e tomar accións de mellora (procedementos de *Seguimento, modificación e acreditación dos programas* e de *Revisión do sistema pola dirección*).

Estes indicadores xa inclúen datos sobre os resultados de satisfacción dos grupos de interese (estudantes, obtidos a partir das enquisas dos cursos 2015/16, 2016/17 e 2017/18; e profesorado, a partir da enquisa dos cursos 2012/13 a 2017/2018). A ficha de mellora correspondente ao criterio 3 (e tamén co criterio 6), relacionada coa recollida de opinión dos grupos de interese da Eido detalla o desenvolvemento deste aspecto.

Como se comentou, no seguimento dos programas de 2017, e logo tamén no do 2018, xa se elaboraron os informes de seguimento coa información e os resultados (evidencias e indicadores) que permiten tomar as decisións e mellorar a xestión do programa de doutoramento. Esta análise e toma de accións de mellora realízase ao nivel institucional (dirección da Eido, Comisión de Calidade da Eido...) e ao nivel do programa (CAPD).

-Publicar e difundir estes resultados para que estean dispoñibles e sexan accesibles, tanto para responsables do SGC do programa como para a sociedade en xeral.

A información pública dos resultados dos programas de doutoramento xa se pode atopar no Portal de transparencia da Universidade de Vigo desde o curso piloto 2017, con acceso a partir do vínculo

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/>

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense plans de mellora para optimizalo.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- A implicación de todos os grupos de interese no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Revisión do SGC

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento conta con mecanismos e procedementos que permitan analizar e revisar o SGC periodicamente (procedemento de *Revisión do SGC*). Esa revisión, dirixida pola dirección da Eido, contará cos grupos de interese determinados no Manual de Calidade (ex.: Comisión de Calidade) e no propio procedemento, e dará lugar aos plans de mellora que se consideren.

A primeira revisión pola dirección realizarase, en coherencia co desenvolvemento dos procedementos (véxase acción de mellora) despois de rematar o deseño destes e tras comezar a súa implantación.

Participación dos grupos de interese:

Como se comentou anteriormente, o proceso de deseño do SGC desenvólvese de xeito participativo no que están implicados:

- as persoas do grupo de traballo, que, ademais do persoal da Eido, forman parte de diferentes servizos relacionados coa escola,
- os membros da comisión de calidade da Eido, que representan os diversos colectivos relacionados co doutoramento,
- os membros do comité de dirección, que é o órgano colexiado de representación e de decisión da Eido,
- os responsables de calidade dos programas de doutoramento.

Este proceso está regulado, ademais do establecido no Manual de Calidade, no procedemento de *Control dos documentos*.

A medida que os procedementos se vaian deseñando e implantando, irán xerando os rexistros de calidade ou evidencias (véxase procedemento de *Control dos rexistros*) que manifestarán o resultados do funcionamento dos procesos e da aplicación da política e dos obxectivos de calidade aprobados.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD13: Informes de avaliación do deseño do SGC

EPD14: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)

EPD15: Actas das reunións celebradas, nos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión)

EPD16: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos de información pública)

EPD17: Plans de seguimento e accións de mellora derivados da implantación do SGC

EPD18: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados e evolución...)

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: O persoal docente e investigador (PDI) e de apoio é suficiente e idóneo, de acordo coas características do programa, o ámbito científico e o número de estudantes.

4.1.- O PDI reúne os requisitos esixidos para a súa participación no programa e acredita a súa experiencia investigadora.


Aspectos a valorar:

- O PDI que participa no programa conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. Débese actualizar a información proporcionada no momento da verificación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:


Tal como o establece a Memoria do PD nos seus puntos 5.1 e 6, o profesorado continúa a ser plenamente cualificado, como demostra a información actualizada sobre proxectos de investigación, teses dirixidas e tramos de investigación acadados nos últimos anos obxecto de estudo.

En relación á experiencia do profesorado, esta se encontra avalada por un número considerable de teses dirixidas e lidas nos últimos cinco anos tanto dentro do propio programa como noutros programas da Universidade de Vigo e noutras universidades, como se evidencia na gráfica seguinte para o período que se está a considerar (véxase tamén Anexo 5, Táboa 1):





Cómpre destacar tamén a incorporación á dirección de teses de profesorado do programa que na data de verificación do título aínda non contaba con ningunha tese dirixida, así como de profesorado que aínda non dirixía teses. Nestes momentos, un número relevante dese profesorado xa ten algunha tese dirixida ou ten xa alumnos baixo a súa dirección, polo que está previsto que teñan dirixidas teses nun futuro próximo. De feito, como se indicaba no apartado 1.5, duplicouse o número de profesores que dirixen ou dirixiron teses no propio programa. Esta experiencia evidénciase aínda máis, se se engade o traballo realizado polo profesorado noutros programas de doutoramento da Universidade de Vigo ou noutras Universidades, resumido a continuación.

Distribución do profesorado actual por experiencia en dirección de teses




Por outra banda, como indicador da traxectoria investigadora do equipo do programa, cómpre destacar o incremento absoluto e relativo no número de sexenios acadados polo equipo do programa. No momento de aprobación da memoria do programa, os 28 profesores do equipo conseguiran un total de 37 sexenios, resultando un promedio de 1,3 sexenios/profesor, que se incrementa ata 1,6 sexenios/profesor se se exclúen deste recuento ás persoas que non poden optar a tramos de investigación. Actualmente os 25 profesores do programa contan cun total de 55 sexenios, dando lugar a un promedio de 2,2 sexenios/profesor, que aumenta ata 2,5 sexenios/profesor se o computo se reduce soamente aos 22 docentes que poden acceder a tramos de investigación. Nestes momentos chégase ao mínimo esixido de sexenios vivos (60%), e comprende salienta a presenza no programa do profesorado que pola súa pertenza a universidades estranxeiras ou polo seu contrato, non teñen acceso aos tramos de investigación. No caso de Pablo Romero, Fresco, profesor da Universidade de Vigo cun contrato Ramón e Cajal, o seu CV demostra que estaría en disposición de obter polo menos un sexenio se puidese acceder á convocatoria. Doutra banda, a Comisión Académica acordou adiar até despois da verificación a incorporación ao programa de dúas profesoras da Facultade de Filoloxía e Tradución que así o solicitaron en substitución dos profesores Oscar Díaz Fouces e Celia Vázquez, que causaron baixa por xubilación. As dúas profesoras solicitantes contan con tramos de investigación activos e contribuirían a aumentar a porcentaxe. (Ref. IPD 15 y EPD20 e EPD21)





Esta tendencia obsérvase no aumento de profesorado con sexenio activo o que indica o progreso do traballo de investigación do equipo do programa. Así no período da aprobación da memoria, a porcentaxe de docentes con sexenio activo era aproximadamente do 41% do profesorado, se se inclúe todo o equipo, ou do 58% no caso de que se restrinja o cálculo aos docentes que poden optar a tramos de investigación. Estas porcentaxes acadan no momento actual o 70% e o 80%, respectivamente, co que se aprecia o incremento significativo destes indicadores.



Na actualidade, as tres únicas persoas do sistema universitario español que entraron a formar parte do programa sen ter ningún tramo de investigación xa contan na actualidade con dito recoñecemento, polo que a día de hoxe non dispoñen de sexenio soamente as persoas están vinculadas a universidades de fóra de España onde non se aplica o sistema de recoñecemento de tramos de investigación español. A única excepción corresponde a un profesor que pasou a incorporarse ao cadro de persoal da Universidade de Vigo cunha praza Ramón y Cajal. Esta circunstancia fai que non puidese polo de agora presentar a solicitude correspondente, se ben a súa traxectoria investigadora non deixa lugar a dúbidas sobre a súa cualificación para a dirección de teses.

Outro aspecto que evidencia a solvencia investigadora do profesorado do PD en Comunicación é o número considerable de proxectos de investigación concedidos en convocatorias competitivas que neste momento se atopan en activo nos diferentes grupos, tal como o recolle no Anexo V, Táboa 3. Cómpre salientar que na citada táboa non se inclúen os proxectos nos que o contido da liña de investigación non forma parte especificamente do proxecto, aínda que permitirían financiar a actividade desenvolvida polo investigador na devandita liña.

4.2.- O PDI é suficiente e ten a dedicación necesaria para desenvolver as súas funcións de forma idónea, considerando o número de estudantes en cada liña de investigación e a natureza e características do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- O PDI é suficiente para desenvolver as funcións e atender todos os estudantes.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como pode comprobarse na EPD 19, o PDI do programa reduciuse dende o inicio do programa coa baixa de dúas persoas máis a xubilación doutras tres. Deste xeito, pasouse de 27 a 22 profesores activos que en termos xerais son suficientes para o alumnado, cunha ratio xeral profesor-estudantado inferior a 3. Con todo, sería interesante a incorporación de novo profesorado nalgunha das liñas, como a de Comunicación e Tradución Especializada, que quedaron reducidas coas devanditas baixas e nas que sería aconsellable un incremento ante un eventual aumento de estudantes. Esta incorporación xa está prevista, posto que o programa conta con solicitudes de docentes investigadores axeitados para ocupar os postos vacantes, como se indicou no apartado anterior.

Cómpre salientar, por outra banda, a existencia da figura do codirector, que se aplica nun bo número das teses actualmente en curso do programa e que contribúe a garantir o mellor atendimento e orientación para os doutorandos.

4.3.- O programa de doutoramento conta con mecanismos de recoñecemento da labor de titorización e dirección de teses.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de recoñecemento do labor de titorización e dirección de teses que a institución ten posto en marcha a través da correspondente normativa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na súa NORMATIVA DE RECOÑECIMIENTO DE ACTIVIDADES DOCENTES DO PDI (Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2016), a Universidade de Vigo recoñece un total de 30 horas por tese defendida nos 3 cursos anteriores á elaboración do POD. Trátase dun recoñecemento suficiente para o traballo que supón a orientación dunha tese de doutoramento e de todas as actividades que están ligadas a ela nos novos programas.

4.4.- O grao de internacionalización do programa: a participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e tribunais de teses é axeitada segundo o ámbito científico do programa.

Aspectos a valorar:

- O grao de internacionalización do programa analizarase a partir de datos como o grao de participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e nos tribunais de teses. Valorarase o número de colaboracións e a estabilidade no tempo das ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tres das 14 teses defendidas ata o peche do curso 19-20 foron traballos con mención internacional, que requiriron a participación de expertos internacionais no seu tribunal. Para alén diso, o propio programa dispón de profesorado estable procedente de universidades estranxeiras, entre eles investigadores de recoñecido prestixio nos seus eidos de traballo.

4.5.- O persoal de apoio que participa no desenvolvemento do programa é suficiente e adecuado en función das características deste e do número de estudantes matriculados.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender o persoal docente e os estudantes do programa.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) da Universidade de Vigo ten a finalidade de organizar de organizar, dentro do seu ámbito de xestión, as ensinanzas e actividades propias do doutoramento.

Aínda que no Programa de Doutoramento participan tanto a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación do Campus de Pontevedra e a Facultade de Filoloxía e Tradución do Campus de Vigo, a súa xestión administrativa lévase dende a súa implantación nesta última. Até a modificación da estrutura organizativa do persoal de administración e servizos da universidade, o centro carecía de persoal específico para tarefas de apoio ao doutoramento, de xeito que o persoal de secretaría de alumnado era o que tiña que ocuparse de todas as tarefas de matriculación dos estudantes e do seguimento das cuestións administrativas, en estreita colaboración coa coordinación do programa. Na actualidade, coa reorganización do servizo, a Facultade conta con persoal que se encarga de maneira exclusiva da xestión dos programas de posgrao (mestrados e doutoramentos), o que mellora o fluxo de traballo. Con todo, existen aínda moitas tarefas de natureza administrativa que ten que asumir a coordinación do programa. Destaca, por exemplo, o apoio que precisa o alumnado para os procesos establecidos pola Universidade, xa que en case todos eles soamente figura na WEB a información sobre os enlaces ás aplicacións ou formularios que deben cubrir. O persoal de apoio é suficiente para dar resposta ás necesidades do proceso de aprendizaxe do programa.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD19: Táboa 1: PDI do programa de doctorado.

EPD20: Táboa 2: Grupos de investigación

EPD21: Táboa 3: Proxectos de investigación competitivos activos de cada grupo

Indicadores:

IPD14: Número de teses defendidas en réxime de codirección

IPD15: Porcentaxe de PDI con sexenios vivos ou outros indicadores da calidade da investigación equivalentes

IPD16: Porcentaxe de profesorado estranxeiro que dirixe tese sobre o profesorado total do programa

IPD17: Número de expertos internacionais que participan en comisións de seguimento e/ou nos tribunais de teses

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Os recursos materiais e os servizos postos a disposición para o desenvolvemento das actividades previstas son os axeitados, en función das características do programa de doutoramento, o ámbito científico e o número de doutorandos.

5.1.- Os recursos materiais dispoñibles son suficientes e axeitados en relación co número de doutorandos de cada liña de investigación e coa natureza e características do programa.

Aspectos a valorar:

- Os recursos materiais e outros medios dispoñibles (laboratorios, talleres, bibliotecas, acceso a fontes documentais, recursos informáticos, etc.) son adecuados en función do número de estudantes do programa.
- Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadias no estranxeiro ou outras universidades.
- No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos materiais, infraestruturas e servizos destinadas ao proceso formativo nas dúas facultades integrantes do PD son suficientes para o número de alumnado e son axeitadas para a natureza e modalidade do título. Permiten adquirir as competencias e coinciden coas previsión expostas na memoria.

Os recursos materiais e servizos manteñen como base os recollidos na Memoria do título, tal como es expón nos seus apartados 7.1.1 e 7.1.2 (pp. 43-51), e foron ampliados e mellorados aínda máis nestes anos. Así, tanto a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación como a Faculta de Filoloxía e Tradución teñen dispoñibilidade de bibliotecas (con sede física e en formato electrónico), salas de estudo e reunión, aulas, seminarios dotados de recursos electrónicos, aulas de informática e recursos tecnolóxicos, aulas para distintas modalidades de videoconferencia etc.:

1) Biblioteca: Os servizos de bibliotecas de ambas facultade levan a cabo un labor continuo e rigoroso de adquisición de novidades de interese en formato libro, por unha banda, e de actualización dos recursos bibliográficos e de documentación de carácter electrónico, por outra.

As bibliotecas (central e específicas dos centros, neste caso a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación e a Facultade de Filoloxía e Tradución) realizan un esforzo de recursos e de selección considerable neste sentido (<http://www.biblioteca.uvigo.es/>). Esta actualización realízase a través das adquisicións solicitadas por grupos e proxectos, orientadas ás liñas de investigación e ás perspectivas metodolóxicas que se promoven. Deste enriquecemento participa de maneira activa o PDI do PD en Comunicación, solicitando aquela bibliografía e recursos precisos para o desenvolvemento das liñas de investigación e dos distintos proxectos de tese. Tamén o alumnado contribúe á constitución dun acervo bibliográfico e documental en constante progreso.

Ademais, a universidade conta con repositorios de traballos científicos (publicacións e traballos académicos) que facilitan os acceso a documentación, ao tempo que visibiliza as contribucións de PDI e alumnado (Investigo: <http://www.investigo.biblioteca.uvigo.es/xmlui?locale-attribute=gl>).

As bibliotecas das universidades galegas están así mesmo integradas nunha rede de colaboración: Consorcio de *Bibliotecas Universitarias de Galicia* (<http://www.bugalicia.org/>) que proporciona acceso a un amplo catálogo de recursos electrónicos. Estes inclúen recursos de texto completo, recursos referenciais (bases de datos), BX-Hot articles, o xestor de enlaces SFX Pórtico ou xestores de referencias bibliográficas, entre outras funcionalidades. Os fondos bibliográficos e recursos documentais considéranse suficientes e están en constante actualización.

- Habilitación de espazos para persoal bolseiro: Actualízanse e renóvanse os despachos destinados a este fin, integrados nos distintos departamentos das dúas universidades. Estes despachos están dotados de equipos informáticos e electrónicos suficientes e actualizados, de maneira que o alumnado bolseiro pode desenvolver a súa investigación, documentación, preparación e elaboración de traballos científicos (comunicacións, artigos etc.)

Para propiciar un acceso aos recursos electrónicos proporcionados ou contratados (revistas electrónicas con subscripción) pola universidade mantéñense e mellórase as conexións wifi en todos os centros e espazos.

- Aulas, seminarios, salóns de actos e graos: Como se sinalou, seguen a pleno rendemento as instalacións e dotacións sinaladas no punto 7.1.1 e 7.1.2 da Memoria. Todas as aulas dispoñen de ordenadores e conexión internet, tomas eléctricas etc. No caso da FFT (UVigo) o salón de actos está dotado con tecnoloxía que permite tradución simultánea directa e inversa, de grande utilidade en congresos e coloquios internacionais.

Para alén disto, nestes cinco anos realizáronse novas incorporacións que permiten ofrecer un servizo aínda mellor, como a instalación de tecnoloxía de autogravación de aulas na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo (<http://fft.webs.uvigo.es/>). Ademais, mantense e mellórase a aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para toda a comunidade. Como se sinalaba na memoria, o centro conta coas condicións necesarias de accesibilidade (ascensores, ramplas, cuartos de baño adaptados) para permitir una normal participación de persoas con todo tipo de necesidades especiais, de acordo coa normativa vixente.

En definitiva, a dotación de instalacións, infraestruturas tecnolóxicas e servizos dos respectivos centros e institucións son adecuadas e abundas para o desenvolvemento das actividades formativas e os obxectivos do PD.

Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadias no estranxeiro ou outras universidades.

No apartado 7.1.3. de verificación do título expresábase unha previsión de axudas aos que o alumnado podería acceder dende o programa:

- Axudas predoutorais da Universidade de Vigo.
- Axudas de apoio á etapa predoutoral da Xunta de Galicia.
- Bolsas de apoio para estadias no estranxeiro ou en centros españois situados fóra de Galicia da Xunta de Galicia.
- Bolsas do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación MAEC-AECI para que estudantes estranxeiros cursen seus estudos en España.
- Axudas de mobilidade para Doutoramento con mención de excelencia que convoca o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- Bolsas que convoca o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para a formación e investigación en diferentes materias aplicadas á educación, promovendo a participación e colaboración dos adxudicatarios das bolsas en tarefas formativas que se lles encomenden nas unidades administrativas.
- Bolsas que convoca o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de modo complementario á axencia CAPES (Brasil).

Ademais, a CAPD expresaba a súa vontade de facilitar os doutorandos o acceso aos servizos e recursos necesarios para a asistencia a congresos, organización de seminarios, xornadas e outras accións formativas, así como de manter informado o alumnado das convocatorias e axudas de facilitasen a asistencia a cursos, congresos e outro tipo de actividades formativas no marco do programa.

A comisión académica mantivo e cumpriu con ese compromiso, tanto de xeito xeral informando aos estudantes de todas as convocatorias abertas e colaborando con eles no proceso de elaboración dos expedientes para a solicitude das axudas, como de maneira específica por medio da convocatoria de bolsas específicas, dentro do propio programa de doutoramento destinadas ao seu alumnado, para a asistencia a congresos, etc., tal e como se reflicte nas súas actas. Entre os anos 2014 e 2019 convocáronse bolsas de mobilidade para doutorandos por importe de até 3.000 euros anuais procedentes do orzamento que a EIDO outorga ao programa. Ademais, os alumnos puideron beneficiarse das axudas da propia Universidade de Vigo para a realización de estadias no estranxeiro ou noutras universidades, asistencia a congresos etc.

Curso	Cantidade asignada	Nº de bolsas ofertadas
2013/2014	2.500	5
2014/2015	2.000	4
2015/2016	2.000	4
2016/2017	3.000	6
2017/2018	3.000	6
2018/2019	3.000	8

O alumnado refrenda as afirmacións relativas aos recursos dispoñíbeis e materializa unha avaliación favorable: nas enquisas de satisfacción realizadas ao alumnado do 3º ano nos cursos 2015/2016 e 2016/2017, a cualificación promedia no PD toma valores entre 4 e 5 puntos (escala de 0 a 5), namentres que no conxunto dos programas o promedio oscila entre 3,7 e 3,8 puntos. En el curso 2017

5.2.- Os servizos de orientación académica responden ás necesidades do proceso de formación dos estudantes como investigadores.

Aspectos a valorar:

- Os servizos de orientación académica e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos a súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os servizos de orientación académica e profesional, así como os servizos e programas de apoio e atención aos estudantes postos ao servizo dos doutorandos dependen por unha banda da CAPD e a coordinación do programa e por outra dos servizos administrativos do centro e da universidade. Dende a coordinación do programa fanse todos os esforzos para proporcionar ao alumnado a información, asesoramento, orientación e tutela segundo van precisando en cada etapa. Así, os labores de orientación son máis intensos no 1º ano de doutoramento, no que o alumnado toma contacto por primeira vez coa toma de decisións, elaboración de proxectos, cumprimento de prazos, trámites burocráticos e uso de aplicacións informáticas. Para o alumnado neste 1º ano organízanse cursos e seminarios de formación básica (Documentación, Bibliotecas, Iniciación á investigación, destinados a orientar o alumnado no seu progreso académico,

Os resultados das enquisas de satisfacción realizadas entre o alumnado que anos 2016-17, 2017-18 e 2018-19 cursaron o primeiro e terceiro anos do Programa de Doutoramento reflicten un elevado nivel de satisfacción do alumnado respecto dos servizos de atención ao estudante, principalmente no que depende

do propio PD e atinxe á coordinación do programa e a dirección e titorización de alumnos, que en moitos dos casos está por enriba do promedio para toda a universidade.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD22: Xustificación da suficiencia e a adecuación dos recursos materiais e servizos directamente relacionados co programa

Indicadores:

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO: Os resultados de aprendizaxe correspóndense co nivel 4 do MECES. Os resultados dos indicadores do programa do doutoramento son adecuados ás súas características e ao contexto socio-económico e investigador.

6.1.- Os estudantes, ao finalizar o proceso formativo, adquiriron as competencias previstas para o programa

Aspectos a valorar:

- As teses de doutoramento, as actividades formativas e a súa avaliación son coherentes co perfil de formación e co nivel 4 do MECES.
- As contribucións científicas derivadas da tese de doutoramento, tanto as previas á súa defensa como as realizadas posteriormente, poñen de manifesto a adquisición das competencias do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dende o programa ponse especial énfase en garantir que os estudantes acaden as capacidades, destrezas e competencias previstas na memoria de verificación, que no seu momento foron deseñadas tendo en conta que estaban dirixidas a estudantes de doutoramento e polo tanto a un nivel 4 do MECES. Por este motivo, as actividades deseñadas para o seu desenvolvemento nos diferentes cursos están orientadas á adquisición destas competencias e ao tempo a garantir unha progresión do estudantado no seu grao de autonomía (capacidade persoal CA04 prevista no Real Decreto 861/2010). O primeiro ano contan cunha orientación total para o deseño do plan de investigación e realizan actividades de introdución á investigación cun alto grao de tutela e supervisión. O segundo ano espérase deles xa unha maior autonomía, aínda que o director segue a traballar con eles na elaboración da proposta de comunicacións das xornadas de doutorandos. Porén, no terceiro ano, no que teñen que facer unha estadía, publicar un artigo ou facer unha comunicación nun congreso alleo á Universidade de Vigo, espérase xa que o estudante sexa quen de realizar a tarefa escollida de maneira autónoma. En xeral, a resposta dos alumnos a esta estruturación de actividades é positiva e o número de calidade das contribucións científicas derivadas das teses de doutoramento (cf. Anexo V, Táboa 5) confirma que os alumnos acadan esa autonomía que lles permite publicar e difundir o seu traballo fóra da nosa institución. Doutra banda, cómpre salientar que nestes primeiros anos de implantación do programa acadouse unha cifra apreciable de teses defendidas, un total de 9 das que 7 obtiveron a máxima distinción de sobresaliente cum laude. Isto permite inferir que a adquisición das competencias contempladas na memoria, en especial as competencias específicas CE1, CE2 e CE3, está a se producir de maneira satisfactoria, o mesmo que as capacidades e destrezas persoais previstas no RD 861/2010, como a capacidade de defender solucións dende unha perspectiva intelectual, ou a de deseñar e desenvolver proxectos novedosos no seu eido de coñecemento.

6.2.- Os resultados dos indicadores académicos do programa de doutoramento e a súa evolución son axeitados e coherentes coas previsións establecidas na memoria verificada

Aspectos a valorar:

- Valoración da estimación dos resultados previstos na memoria para o programa de doutoramento, analizando as diferentes taxas, as teses defendidas e as contribucións científicas derivadas das teses.
- Os resultados dos indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como obxectivo para o programa, a memoria para a verificación do título fixaba situar a taxa de éxito a redor do 80 % no prazo mínimo de tempo asignado en función do tipo de matrícula (a tempo completo ou a tempo parcial). Teríase en conta que cada curso académico se incorporarían ao programa un máximo de 10 estudantes a tempo completo (40 % das prazas ofertadas) e 15 estudantes a tempo parcial (60 % das prazas ofertadas), que disporían dun período de 3 e 5 anos, respectivamente, para rematar o Doutoramento, sen contar coas prórrogas previstas.

Deste modo, a previsión da taxa de éxito situaríase en torno ás seguintes cifras:


- a) 32% para a taxa de éxito a 3 anos (80% para as persoas a tempo total)
- b) 56% para a taxa de éxito a 4 anos (80% a tempo completo e 40% a tempo parcial)
- c) 80 % para a taxa de éxito a 5 anos (80 % do total)

Despois de 6 anos de implantación, as primeiras valoracións apuntan a que a tasa de éxito entre o alumnado a tempo completo acadou un 16 % aos 2 anos, un 24 % aos 3 anos, un 36 % aos 4 anos e un 50% aos 5 anos. Cómpre destacar tamén que, no período en estudo, non remataron as súas teses os doutorandos matriculados a tempo parcial. Estes datos soamente teñen un carácter orientativo, dado que non son cifras oficiais establecidas polos servizos da Universidade, se ben sinalan certos patróns. O 100 % das persoas que finalizaron as teses doutorais en 2 ou 3 anos estaban vinculadas laboralmente á Universidade, o contrario do que ocorre entre os doutorandos que remataron en 4 anos, que exercían profesións liberais ligadas ao ámbito da comunicación.


Este último dato pon tamén de manifesto o descoñecemento inicial existente sobre as condicións asociadas á matrícula a tempo parcial no doutoramento, dado que alumnado con interese en rematar os estudos de doutoramento e que podía solicitar esta modalidade non o fixo así na práctica. De feito, entre os indicadores que se teñen en conta na reflexión para a mellora do programa poden incluírse os relativos ás dificultades dalgúns estudantes para finalizar a tese no primeiro prazo previsto, que desemboca na necesidade de solicitude un ou dous anos de prórroga. Aínda que é debido en moitos casos ao feito de que os estudantes compaxinan o seu labor investigador coas súas actividades profesionais, podería ser importante mellorar a información inicial ao estudantado respecto das posibilidades de acollerse á modalidade de tempo parcial e deseñar o plan de investigación dende un principio cunha programación temporal máis ampla e realista, que evite a frustración do investigador.

Outro indicador da tasa de éxito vén dado polo número de prórrogas solicitadas polo alumnado previamente á finalización e defensa da súa tese de doutoramento. No período de estudo, o 66,7% do alumnado que rematou a tese non tivo necesidade de solicitar prórroga e para o 33,3% restante foi suficiente con 1 ano adicional de prórroga.

Canto ás contribucións científicas dos doutorandos, para as que a memoria de verificación inicial do título non incluía obxectivos directos, cómpre afirmar que os resultados semellan moi positivos e que satisfán as expectativas implícitas marcadas pola comisión académica do programa. En concreto, o número total de contribucións científicas do alumnado matriculado no período 2014/2015 a 2018/2019 ascendeu a 92 traballos, que se distribúen entre as diferentes liñas do programa da seguinte maneira:



As porcentaxes anteriores son coherentes cos datos presentados no apartado 1.2 sobre a distribución de alumnado por liñas. Na seguinte gráfica reflíctese a información sobre as contribucións científicas dos doutorandos por tipo.



Obsérvase que a modalidade dominante ten sido a presentación de relatorios en Congresos, para dar a coñecer os traballos desenvolvidos, se ben o alumnado optou tamén por publicalos en revistas ou editoriais especializadas. Cómpre sinalar que non se incluíron neste reconto de maneira xeral os traballos que os estudantes expuxeron nas Xornadas de Doutorandos e posteriormente publicaron nas actas, por tratarse as referidas Xornadas dunha actividade obrigatoria do PD.


6.3.- Os indicadores son adecuados ao perfil dos estudantes, de acordo co ámbito científico do programa

Aspectos a valorar:

- Analizar, á vista dos resultados obtidos polo programa no período avaliado, tendo en conta o perfil dos estudantes, as características do programa e o ámbito científico.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil do alumnado que accedeu ao Doutoramento en Comunicación no período estudado resúmese na gráfica seguinte.



Obsérvase que predomina o alumnado procedente de titulacións cuxas materias contabilizábanse en créditos ECTS, se ben cómpre diferenciar dúas modalidades, os estudantes que realizaran grao e máster (43,9 %), e os que cursaran doutro xeito 300 créditos ECTS dos que 60 como mínimo correspondían a materias de máster (27,1 %). Outra categoría destacada incorpora aos doutorandos que proceden de titulacións anteriores ao proceso de converxencia ao EEES. Así algunhas persoas cursaron carreiras doutros plans de estudos cun mínimo de 300 créditos LRU (8,41 %), ou non acadaron ese créditos pero completaron o DEA (4,67 %) ou acadaron a suficiencia investigadora (0,93 %) en programas de doutoramento anteriores. O alumnado estranxeiro representou o 13,08 % do total no período en estudo, repartíndose o 7,48 % correspondente aos estudantes que obtiveron a correspondencia co nivel 3 do Marco Español de Calificaciones para la Educación Superior (MECES) e o 5,61 % dos que acadaron a equivalencia de títulos cursados fóra do EEES.

A xulgar pola satisfacción dos estudantes, o baixo índice de abandono, o número de teses lidas e a produción científica derivada das teses lidas e en curso, o programa pode considerarse como situado entre os máis consolidados dos seus eidos, tanto o de Humanidades como no de Ciencias Sociais.

6.4.- A satisfacción do estudiantado, do PDI, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.

Aspectos a valorar:

- Análise dos indicadores de satisfacción de estudantes, PDI, egresados e outros grupos de interese.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía da Calidade (SGIC) da EIDO conta con procesos de avaliación da calidade dos programas de doutoramento impartidos. Para a avaliación de cada un deles se teñen en conta os diferentes grupos de interese que poidan colaborar na mellora dos mesmos. En concreto, se fai unha enquisa ós titores/directores de teses, outra a investigadores en formación e, por último, ó Persoal de Administración e Servizos. O sistema de enquisas permite coñecer o grao de satisfacción do Personal Docente e Investigador con determinados aspectos do Programa de Doutoramento. Coa finalidade de obter información sobre o grao de satisfacción xeral co programa de doutoramento, analizando tódolos aspectos relacionados co mesmo.

Síntese xeral dos resultados obtidos:

Estudantes:

Resultados de participación

Curso 2015/2016		Curso 2016/2017		Curso 2017/2018	
Doctorandos/as 1º año	Doctorandos/as 3º año	Doctorandos/as 1º año	Doctorandos/as 3º año	Doctorandos/as 1º año	Doctorandos/as 3º año
43%	58%	35%	11%	67%	33%

Os valores de participación son, agás no 2016/17, elevados, aínda que non se observa unha clara.

Resultados de satisfacción:

Curso 2015/2016		Curso 2016/2017		Curso 2017/2018	
Doctorandos/as 1º año	Doctorandos/as 3º año	Doctorandos/as 1º año	Doctorandos/as 3º año	Doctorandos/as 1º año	Doctorandos/as 3º año
4,43	3,71	3,61	4,35	3,84	3,84

Todos os valores están significativamente por riba do valor medio da escala (3/5), e aínda que non se aprecia unha tendencia clara, os resultados son aceptables cara a satisfactorios.

Os resultados para os cursos 2018/19 e 2019/20 na UVigo están en curso (enquisas en realización ata o 31 de outubro de 2020).

Profesorado

- UVigo(directores e titores de teses): enquisa do 2018 (abrange o profesorado desde o 2013/14 ata 2018/19):

Resultados de participación: non dispoñibles (a poboación histórica non estaba asociada a cada programa)

Resultados de satisfacción: 3,69/5, o que indica un resultado aceptable cara satisfactorio.

Os resultados para os cursos 2018/19 e 2019/20 están en curso de análise (enquisa 2020 xa rematada).

PAS e outros grupos de interese:

Para o resto dos colectivos da UVigo e da UdC, a situación descríbese nas respectivas fichas de mellora asociada a este criterio.

6.5.- A inserción laboral dos egresados é coherente co contexto socioeconómico e investigador do programa.

Aspectos a valorar:

- Análise da inserción laboral dos doutores/as tendo en conta os datos e estimacións que se incluíran na memoria verificada.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do programa.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A memoria de verificación do programa, concretamente no seu punto 8.2, establecía como un dos seus obxectivos manter o contacto cos doutores egresados para informalos de novas ofertas de formación, bolsas e postos e traballo, ademais de para coñecer o seu grao de satisfacción coa formación recibida. De maneira particular, establecíase que se trataría de potenciar o acceso ao emprego ou a bolsas postdoutorais para o

total das persoas que completasen o programa nun prazo máximo de tres anos dende a súa finalización. En liñas xerais, a UVigo non dispón de estudos ou de resultados de seguimento e de inserción laboral dos egresados do ciclo de doutoramento. Isto débese a varias razóns: - En primeiro lugar, o número total de egresados en cada programa de doutoramento non é, en xeral, aínda moi relevante. Isto é así porque os novos PD, regulados polo Real decreto 99/2011, empezaron a implantarse, agás unha excepción na Universidade de Vigo (PD Ciencias Mariñas), no curso académico 2013/14. - A maiores, é necesario analizar a problemática da inserción dos doutorandos para garantir que as evidencias e datos obtidos son produto especificamente da súa condición de doutorandos, e non doutros niveis de cualificación académica. As universidades deben analizar estas condicións, de forma coordinada coa ACSUG, quen ten a competencia para realizar os estudos de inserción laboral e empregabilidade, para determinar o marco dos estudos de inserción laboral máis axeitado. En todo caso, na seguintes ligazóns da UVigo pode atoparse certa información canto a inserción laboral, aínda que pouco representativa para os PD do RD 99/2011: - Portal de transparencia: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/6> - Observatorio de egresados do Consello Social da Universidade de Vigo: <http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/>.

En todo caso, a coordinación do programa cumpre este obxectivo tanto de maneira directa como a través dos directores e titores de cada un dos doutores egresados. Este contacto mantense principalmente a través do correo electrónico e tamén de forma persoal nalgúns casos e permite á coordinación levar un seguimento da súa inserción laboral. Na actualidade, os nove egresados do programa están incorporados ao mercado laboral, se ben cómpre dicir que algúns deles xa o estaban antes de comezar os seus estudos de doutoramento. Isto ten que ver en parte co perfil de ingreso dos nosos estudantes, que non sempre se corresponde cun perfil de estudante novo que chega ao programa directamente dun grao e un posgrao. O noso programa atrae tamén a moitos candidatos que xa están a traballar no eido da Comunicación ou da docencia, e que queren ampliar a súa formación ou reflexionar sobre o seu traballo dentro dunha estrutura que lles permita o intercambio científico con outros investigadores. En concreto, dos nove doutores titulados até o curso 2016-17, seis deles xa traballaban nunha universidade antes de rematar a tese e seguiron facéndoo despois (tres en universidades portuguesas e tres en universidades galegas). Os outros tres seguen a desenvolver as súas profesións liberais que levaban a cabo fóra do entorno académico, se ben continúan a investigar, sexa presentando traballos en congresos ou sexa realizando colaboracións en proxectos dos seus directores de tese.

Coas cifras indicadas, non parece necesario facer cambios significativos no plan de estudos a curto prazo, se ben haberá que esperar a comprobar se a tendencia de inserción laboral se consolida nas seguintes promocións de egresados, dadas as diferenzas nos perfís de acceso que existen duns cursos a outros.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD23: Táboa 4: Teses doutorais dirixidas no programa no período avaliado

EDP24: Táboa 5: Contribucións científicas relevantes desde a implantación do programa

Indicadores:

IPD18: Evolución dos indicadores de resultados do programa desde a implantación do título:

- Número de teses defendidas
- Porcentaxe de teses realizadas a tempo completo, a tempo parcial e con dedicación mixta
- Número de teses presentadas en galego, castelán ou outro idioma
- Duración media dos estudos a tempo completo/tempo parcial
- Taxa de éxito:

- Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese sen pedir prórroga
- Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a primeira prórroga
- Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a segunda prórroga
 - Porcentaxe de teses con cualificación de *cum laude*
 - Porcentaxe de teses con mención internacional

IPD19: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)

IPD20: Datos relativos á empregabilidade dos doutorandos:

- Porcentaxe de egresados que están traballando
- Porcentaxe de egresados que están traballando en función do nivel de doutor
- Porcentaxe de doutorandos que conseguen axudas para contratos posdoutorais

3. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Neste período en estudo producíronse modificacións non substanciais que se implementaron no Programa como consecuencia da súa implantación na universidade. Trátase de modificacións que nos dan lugar a procesos de modificación formal)	
Normativa para a presentación e lectura de teses (aprobada polo Consello de Goberno na súa reunión do 20 de xuño de 2017)	Actualización da normativa para a presentación e lectura de teses de doutoramento no Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo.
Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo. (versión aprobada polo Comité de dirección do 17/12/2019 e o Consello de Goberno do 27/02/2020)	Actualización do regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo para adaptarse e por en coherencia coa aprobación do sistema de garantía de calidade en doutoramento, cos estándares europeos de investigación do programa HR Excellence in Research e con diversos aspectos que se poñen ao día.

4. PLAN DE MELLORAS**(Ver Anexo IV)**

ANEXO IV. PLAN DE MELLORAS (modelo de acción de mellora)

CRITERIO 2.3	
Denominación da proposta	Desenvolver a estrutura de calidade da web da Eido
Punto débil detectado/Análise das causas	A web da Eido non dispón dunha estrutura onde se poida realizar un fácil acceso á información relevante do SGC
Ámbito de aplicación	SGC Eido
Responsable da súa aplicación	Dirección da Eido
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	- Diseñar a estrutura de calidade da web - Implantar a estrutura de calidade - Cargar a información relevante dispoñible do SGC
Período de execución	3º trimestre de 2018
Recursos/financiamento	Colaboración da Área TIC
Responsable do seguimento e data	Comisión de Calidade da Eido
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Información dispoñible na web sobre o SGC
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Completo. A Universidade de Vigo puxo en marcha a nova Web institucional. No apartado da Eido xa aparecen case todos os contidos definitivos.
Responsable da revisión e data	Coordinador de Calidade da Eido Xuño de 2019 Marzo de 2020
Resultados obtidos	Rematouse o deseño da páxina Web da Universidade de Vigo Está bastante desenvolvida a páxina Web da Eido https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento E dentro desta páxina, o apartado de calidade: https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade
Grao de satisfacción	Mediano. O procedemento finalizou o 1º trimestre de 2020, varios meses mais tarde do inicialmente previsto.
Accións correctoras a desenvolver	

CRITERIO 3	
Denominación da proposta	Desenvolver os procedementos do SGC da Eido
Punto débil detectado/Análise das causas	O SGC da Eido está en fase de deseño e desenvolvemento, polo que cómpre elaborar a documentación (procedementos) seguindo o mapa de procesos establecido no Manual de Calidade.
Ámbito de aplicación	SGC Eido
Responsable da súa aplicación	Dirección da Eido
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	- Elaborar as propostas de procedementos - Validar as propostas na Comisión de Calidade - Aprobar as propostas no Comité de Dirección
Período de execución	4º trimestre de 2018
Recursos/financiamento	Grupo de traballo (persoal da Área de Calidade, Eido, Servizo de Posgrao e as persoas que, en función dos contidos de cada procedemento, se poidan incorporar)
Responsable do seguimento e data	Comisión de Calidade da Eido Xuño 2018
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Actas da Comisión de Calidade e do Comité de Dirección nas que reflectan a validación e aprobación dos procedementos de calidade.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Total (rematado) O SGC foi validado na Comisión de Calidade da Eido o 14.12.2018 e aprobado no Comité de Dirección o 17.12.2018. Enviado á ACSUG o 20.12.2018.
Responsable da revisión e data	Coordinador de Calidade da Eido Xuño de 2019 Febreiro de 2020
Resultados obtidos	Rematouse o deseño do 100% dos procesos de SGC. Desenvolveuse toda a estrutura documental (manual, procedementos e anexos) nos prazos programados. O proceso participativo deu lugar a propostas de mellora que se foron incorporando aos procedementos. Informe de certificación do deseño de ACSUG de 30.07.2019. Resultado: FAVORABLE. A documentación do SGC está dispoñible na ligazón: https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade
Grao de satisfacción	Alto

Accións correctoras a desenvolver	--
-----------------------------------	----

CRITERIOS 3 e 6	
Denominación da proposta	DESEÑO DA MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE DA EIDO
Punto débil detectado/Análise das causas	Dispor de mecanismos de recollida de opinión dos grupos de interese máis relevantes dos programas de doutoramento da Eido. A situación actual é a seguinte: 1 Estudantado: o curso 2015/16 xa se puxo en marcha a avaliación de satisfacción. A metodoloxía elixida foi a enquisa: unha para o estudantado de 1º ano e outra para o de 3º ano. Posto que ten unha frecuencia anual, realizarase de novo este curso. Este curso 2016/17 realizouse por segunda vez esta avaliación. 2 Outros grupos de interese relevantes (profesorado –direccións de teses, titores/as-, persoal de administración e titulados): non se dispón, polo de agora, de mecanismos para recoller sistematicamente a súa opinión. A comisión de calidade da Eido debe deseñar un programa de medición da satisfacción adaptado.
Ámbito de aplicación	Todos os PD adscritos á EIDO
Responsable da súa aplicación	Comisión de Calidade da EIDO
Obxectivos específicos	Dispor de resultados de satisfacción dos grupos de interese que permitan mellorar os programas de doutoramento
Actuacións a desenvolver	Deseñar e aprobar un programa de medición da satisfacción adaptado aos grupos de interese máis relevantes da Eido (previsto para a vindeira comisión de calidade) Implantar o programa
Período de execución	Curso 2017-18 e 2018/19
Recursos/financiamento	-
Responsable do seguimento e data	Coordinador de calidade da EIDO Xuño 2018 Marzo 2020
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Deseño do programa de medición da satisfacción Informes de resultados de avaliación da satisfacción
Observacións	

Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Parcial (en curso) Seguindo o Deseño da avaliación da satisfacción dos grupos de interese dos PD da Eido aprobada na Comisión de Calidade da Eido en febreiro de 2018, realizáronse: -enquisa a doutorandos/as: 2015/16, 2016/17 e 2017/18 -enquisa a profesorado (directores e titores de teses): período 2012/13 a 2017/2018 Están pendentes: -enquisa ao PAS relacionado con doutoramento: en curso (previsto para 1ºT 2019). Esta actividade está en retraso pois estase traballando coas outras universidades do SUG co obxecto de harmonizar o cuestionario de avaliación. -outros grupos de interese (entidades colaboradoras e empregadoras): sen programar, pendente de decisión da Comisión de Calidade. A Comisión de Calidade da Eido, na súa vindeira reunión prevista para o 1º trimestre 2020, fará un seguimento e análise dos resultados obtidos no período 2017/18 e 2018/19 e aprobará a programación para o período 2019/20 a 2021/22.
Responsable da revisión e data	Coordinador de Calidade da Eido Xuño de 2019 Febreiro 2020
Resultados obtidos	Leváronse a cabo os procesos de avaliación segundo o previsto (estudantado e profesorado), empregando a plataforma de enquisas LimeSurvey https://secretaria.uvigo.gal/enquisas/index.php/admin/authentication/sa/login Os cuestionarios, aprobados pola Comisión de Calidade da Eido, están dispoñibles en tres idiomas (galego, castelán, inglés). Existen resultados e indicadores de satisfacción para o estudantado e profesorado. Os datos están publicados no Portal de Transparencia da UVigo, na ligazón https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/28 Realizáronse as análises oportunas na Comisión de Calidade da Eido e nas CAPD.
Grao de satisfacción	Alto Os resultados son, en xeral, positivos e dan pistas para mellorar os procesos e os programas. En particular, os resultados de participación xerais, en todas as enquisas, están entre o 40% - 55% e os de satisfacción maioritariamente por riba do valor 3,5/5.
Accións correctoras a desenvolver	-- (As accións para mellora o programa de medición de satisfacción tomaranse na Comisión de Calidade da Eido)

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO	
Denominación da proposta 3	Avaliación da pertinencia de reducir / fusionar / reorganizar as liñas de investigación do programa.
Punto débil detectado/Análise das causas	Detéctase certo desequilibrio na distribución de estudantes por liñas de investigación que pode deberse tanto a un maior interese por parte do alumnado por algunhas das liñas como a existencia dun certo solapamento entre liñas.
Ámbito de aplicación	A organización do programa en liñas de investigación
Responsable da súa aplicación	CAPD.
Obxectivos específicos	• Consegir un maior equilibrio entre o número de estudantes asignados a cada liña de investigación • Evitar solapamentos entre diferentes liñas • Fomentar unha maior transversalidade dentro dos diferentes eidos cubertos polo programa
Actuacións a desenvolver	• Avaliación por parte da CAPD das posibilidades de combinación de liñas en función dos seus puntos en común. • Se a CAPD adoptar unha decisión positiva respecto da modificación da actual distribución das liñas de investigación, poríanse en marcha as accións necesarias para formalizar o cambio nas instancias pertinentes.
Período de execución	A partir do curso académico 2018/19
Recursos/financiamento	Non son necesarios recursos nin financiamento adicionais
Responsable do seguimento e data	CAPD
Indicadores de execución	
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	• - Actas da CAPD onde consten as decisións tomadas por esta, respecto da fusión ou reorganización de liñas de investigación. • - Documentación pertinente respecto da implementación do cambio a nivel formal e da súa aprobación polos organismos competentes.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Pendente
Responsable da revisión e data	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	